



INSTRUCCIÓN DO 31 DE XANEIRO DE 2014 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLAS QUE SE TRASLADA O PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA

O absentismo escolar é un problema ao que os centros educativos teñen que facer fronte dun xeito directo e permanente, e que é motivo de preocupación, tanto para a comunidade educativa como para a sociedade en xeral, por incidir directamente no exercicio do dereito fundamental á educación, ademais de pola súa estreita relación coa falta de éxito escolar, co abandono prematuro do sistema educativo e mesmo co adecuado clima de convivencia.

Sendo conscientes de que se trata dun problema multicausal e con múltiples facetas, que involucran aspectos familiares, persoais, sociais e escolares, que polo tanto precisa dunha colaboración das familias e doutras institucións, é necesario seguir avanzando no eido educativo na prevención e control do absentismo escolar con instrumentos e medidas que faciliten a garantía do dereito constitucional á educación.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, dispón que *“Todas e todos os españois teñen dereito a unha educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade. Esta educación será obrigatoria e gratuíta no nivel de educación xeral básica e, no seu caso, na formación profesional de primeiro grao, así como nos demais niveis que a lei estableza”*.

Esa mesma Lei, no seu artigo 4.2.a establece que corresponde ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado *“Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente á clase”*.

Pola súa parte, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece que a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen o ensino básico, que ten carácter obrigatorio e gratuíto e comprende dez anos de escolaridade; e se desenvolve, de forma regular, entre os seis e os dezaseis anos de idade.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, dispón que unha das prioridades da consellería con competencias en materia de educación é asegurar a permanencia do alumnado no sistema educativo durante, cando menos, as etapas obrigatorias. Igualmente, dispón o que se entende por absentismo e que corresponde aos centros educativos o control, o rexistro e a información sobre as incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares.



O control e información da asistencia a clase ou puntualidade do alumnado tamén se regula no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

En consecuencia con todo o anterior, de acordo coa autorización que dispoñen as ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, e co propósito de trasladar o Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, dita as seguintes instrucións:

Primeira. *Obxecto do protocolo.*

O protocolo que se presenta como anexo a estas instrucións ten por obxecto servir de marco de referencia para prever as posibles situacións de absentismo escolar e, de ser o caso, orientar sobre o seu control por parte dos centros educativos.

Segunda. *Ámbito de aplicación do protocolo.*

Este protocolo será de aplicación nas ensinanzas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria que se imparten nos centros educativos de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos.

Tamén poderá ser utilizado polos centros educativos nas etapas non obrigatorias, naqueles aspectos que lles sexan de aplicación.

Terceira. *Carácter do protocolo.*

Este protocolo ten un carácter básico e de referencia. Cada centro educativo, dentro da súa competencia e autonomía, pode adaptalo á súa realidade.

O tratamento que cada centro educativo faga deste protocolo debe reflectirse nos seus instrumentos de planificación e organización.

Cuarta. *Estrutura do protocolo.*

Este protocolo básico de actuación presenta a seguinte estrutura:





1. Introducción.
2. Conceptos.
 - 2.1. Absentismo.
 - 2.2. Protocolo de intervención en caso de absentismo.
 - 2.3. Falta de asistencia a clase do alumnado.
 - 2.4. Falta xustificable.
3. Medidas preventivas.
 - 3.1. Prevención xeral.
 - 3.2. Prevención nos instrumentos de planificación do centro educativo.
4. Control da asistencia a clase e rexistro das ausencias.
 - 4.1. Control da asistencia a clase.
 - 4.2. Xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado.
 - 4.3. Rexistro das faltas de asistencia a clase xustificadas.
 - 4.4. Seguimento das faltas de asistencia a clase do alumnado e a súa comunicación.
5. Expediente de absentismo.
 - 5.1. Concepto.
 - 5.2. Procedemento.
 - 5.2.1. Inicio do expediente.
 - 5.2.2. Tramitación do expediente.
 - 5.3. Documentos que conforman o expediente.
6. Notificación dos indicios de desprotección.
7. Confidencialidade e protección de datos.
8. Anexos de modelos documentais.
9. Esquema procedimental.
10. Marco normativo sobre absentismo: resumo legislativo.

Quinta. Medidas preventivas.

A prevención é un dos principios que orientan este protocolo, pero as estratexias preventivas de cada centro educativo deben concretarse en medidas específicas, observables e avaliáveis.

Sexta. Aspectos procedimentais e xurídicos.

O procedemento que establece este protocolo ten como finalidade a orientación e a sistematización. En consecuencia, cada centro educativo, dentro da súa competencia e tomando como básico este protocolo, deberá adaptar os diferentes aspectos del á súa realidade organizativa.





Este protocolo achega un resumo legislativo indicativo do marco normativo que regula o dereito e a obriga da escolarización obrigatoria.

Sétima. Confidencialidade na aplicación do protocolo.

En todas as actuacións derivadas da aplicación deste protocolo deberá actuarse co sixilo profesional adecuado, garantindo a debida reserva no que ten que ver coa información e coas circunstancias persoais do alumnado e das súas familias ou persoas gardadoras.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2014.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,



Manuel Corredoira López